EXPTE: 2021/TRIBUNAL/000011

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN RESTRINXIDO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA VACANTE DE CABO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUÍDA NA OEP DO 2020

ANUNCIO RESULTADO SEGUNDO EXERCICIO

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal cualificador o 29.03.2021 na Sala de xuntas sita no edificio da rúa Churruchaos, 2-1º andar, para proceder á cualificación do segundo exercicio de carácter práctico, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base 5ª b) das específicas da convocatoria, a cualificación obtida polo único aspirante é a seguinte:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
CÉSAR LAGO ORDUÑA	14

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación final do aspirante aprobado no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de cabo do servizo de extinción de incendios, pola quenda de promoción interna, incluída na oferta de emprego público do ano 2020, aplicando a base 15ª das bases xerais, é a seguinte:

ASPIRANTE	FASE DE CONCURSO	1ºEXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
CÉSAR LAGO ORDUÑA	12,50	16	14	42,50

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia, o tribunal eleva á concelleira delegada da Área de Persoal e Cultura, a puntuación definitiva do aspirante, con especificación das puntuacións en cada exercicio do proceso selectivo, propoñendo o nomeamento para ocupar unha praza de cabo no Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Pontevedra, pola quenda de promoción interna, incluída na OEP do ano 2020 a don **César Lago Orduña**.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O Tribunal cualificador dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación co aspirante que superou o segundo exercicio coa cualificación definitiva do proceso e a proposta de nomeamento, requirindo ao opositor proposto para que, no prazo de 20 días naturais, presente a documentación esixida nas bases da convocatoria, segundo o disposto na 16ª das bases xerais.

RÉXIME DE RECURSOS.- Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar,contra as resolucións do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Documento asinado electronicamente pola secretaria do Tribunal, en Pontevedra, na data indicada na sinatura electrónica.

Asinado por: SECRETARIAPONTEVEDRA
En data: 29/03/2021

Asinado por: MARIA EMMA ESTEVEZ DOMINGUEZ
Servizo: SERVIZO DE CULTURA
Cargo: ADMINISTRATIVO XEFE NEGOCIADO
Data: 29/03/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:AIGZDEOUT29VVEJN